

Programación didáctica quinto de primaria /música

1. Obxectivos da educación primaria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

ESTÁNDARES DA APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES (CCEC) A REFORZAR. (EN VERMELLO)

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. escoita			
<ul style="list-style-type: none"> • j • a 	B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. B1.2. Asistencia a representacións musicais.	B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores/as diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior	B1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. B1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. B1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras B1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais
<ul style="list-style-type: none"> • j • h 	B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. B1.4. Acento e pulso.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	B1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto
<ul style="list-style-type: none"> • j 	B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte);	B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da	B1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. B1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

	<p>dinámica e reguladores).</p> <p>B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.</p> <p>B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.</p>	<p>linguaxe musical convencional que as compoñen</p>	
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • j 			<p>B1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.</p> <p>B1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • j • i 	<p>B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.</p>	<p>B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos, festas, accións na rúa, festivais concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer</p>	<p>B1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.</p> <p>B1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.</p> <p>B1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes</p>
<ul style="list-style-type: none"> • j • d 	<p>B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos membranófonos, idiófonos e electrófonos).</p> <p>B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).</p> <p>B1.11. Instrumentos doutras culturas</p>	<p>B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificalas principais características de instrumentos doutras culturas.</p>	<p>B1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos</p> <p>B1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos, electrófonos).</p> <p>B1.5.3. Procura información, organiza e presenta sobre a música e os instrumentos doutras culturas.</p>
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • j 	<p>B1.12. Recoñecemento e identificación das</p>	<p>B1.6. Utilizar recursos gráficos</p>	<p>B1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.</p>

	partes dunha peza musical. B1.13. Melodías con cambios de compás	durante a audición dunha peza musical	
<ul style="list-style-type: none"> • j • d 	B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras	B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	B1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia

Bloque 2. Interpretación musical

<ul style="list-style-type: none"> • j • b 	<p>B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.</p> <p>B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.</p> <p>B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.</p>	<p>B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora</p>	B 2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
			B 2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos
			B 2.1.3 Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da frauta doce.
			B 2.1.4 Interpreta coa frauta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si, do, re) (notas fa, mi)
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • j • b 	<p>B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases</p>		B 2.1.5. Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, claves, figuras e estruturas rítmicas
			B 2.1.6. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e

	binarios, ternarios e cuaternarios. B2.5. Ditados melódico-rítmicos		sen acompañamento B 2.1.7. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar
<ul style="list-style-type: none"> • j • b 	B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. B2.7. Proxecto: concerto ou musical	B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración	<p>B 2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.</p> <p>B 2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</p> <p>B 2.2.3. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • j • i 	B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.9.. Invención e construción dun instrumento. B2.10. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	B 2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	amosando interese polo seu coidado.		B 2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente
Bloque 3. A música, o movemento e a danza.			
<ul style="list-style-type: none"> • j • b 	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico	<p>B 3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</p> <p>B 3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • j • b • o 	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas.	<p>B 3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</p> <p>B 3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</p>

	<p>unha progresiva coordinación individual e colectiva.</p> <p>B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</p>		B 3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas .
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • j • b 	B3.5. Proxecto: certame de danza	B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre tas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.	<p>B3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.</p> <p>B 3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con demais persoas</p> <p>B 3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación</p> <p>B 3.3.4. Amona interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.</p>

2. Metodoloxía - Principios metodolóxicos

A programación das clases de música tratará na medida do posible de ser de carácter lúdico, divertido e positivo, polo que a metodoloxía será activa e o alumnado será o protagonista da súa propia aprendizaxe. É un obxectivo que o alumnado goce coas actividades propostas e asimilen o pracer que produce escoitar atentamente unha audición, cantar, interpretar e coñecer a música das distintas épocas e a evolución da mesma. Nas clases predominarán as actividades relacionadas coa danza, interpretación de cancións e partituras musicais, etc., tratarase así mesmo de asistir a algún concerto ou actividade musical.

Por último, resaltar a importancia que terán os temas transversais, a través dos mesmos fomentaranse valores como o respecto, a tolerancia, o compañeirismo, etc.

Os principios metodolóxicos nos que está baseada a programación son os seguintes:

- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír a partir de aí novas aprendizaxes.
- Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte as aprendizaxes mecánicas.
- Tratarase de fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que aprenden, de xeito que o alumnado recoñeza o progreso respecto a os seus coñecementos.
- Propiciaranse oportunidades de poñer en práctica o aprendido, co fin de que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do mesmo.
- Tratarase de desenvolver as capacidades xerais, competencias claves e específicas por medio do traballo na área.

Todos os anteriores principios tratan de lograr que o alumnado sexa capaz de aprender de xeito autónomo.

3. Materiais e recursos didácticos

Os materiais que se van a utilizar serán os seguintes:

- Caderno de música
- Fichas fotocopiáveis que sirvan de reforzo e ampliación.
- Equipo de música con lector de CD audio.
- Pantalla interactiva
- Instrumentos de pequena percusión e fruta doce
- Material elaborado: pentagramas, claves de sol, figuras musicais, etc

4. Procedementos e instrumentos de avaliación

Farase unha avaliación inicial ao comezo do curso co fin de poder comprobar os coñecementos adquiridos polos alumnos e así organizar mellor a aprendizaxe dos novos contidos.

A avaliación ao longo do curso será global e continua, terá carácter formativo e estará baseada na:

- Observación directa do alumno.
 - Traballo diario individual e en grupo.
 - Coñecementos adquiridos.
 - Valoración da capacidade, interese, actitude, sociabilidade e corrección no trato.
 - Interpretación de sinxelas melodías coa fruta doce ou instrumentos de pequena percusión.
 - Interpretación das danzas traballadas na aula
 - Fichas avaliación .
 - **3º TRIMESTRE: APLICACIÓN DE MENSAXERÍA INFORMÁTICA. CORREO ELECTRÓNICO.**
 - **Avaliación, promoción e titulación**
- A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.
- A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.
- - A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

Todo isto permitirá establecer un seguimento continuo das aprendizaxes, permitindo ao profesor apreciar os progresos e dificultades do alumnado.

Os **critérios de cualificación** e **as porcentaxes** que de cada un deles se aplicará na avaliación do alumno así como **os instrumentos** correspondentes a cada criterio de cualificación son os seguintes:

ÁREA	CRITERIOS CUALIFIC.	INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Educación Artística/Música	Traballo diario	<ul style="list-style-type: none"> - Remate no tempo establecido das tarefas - Orde no ficheiro. - Corrección das actividades . 	20%
	Actitude persoal.	<ul style="list-style-type: none"> - Respeto aos demais 	10%
	Probas	<ul style="list-style-type: none"> - Orais. - Escritas. - Rítmicas - Auditivas - Fruta 	70%
OBSERVACIÓNS: Para calcular a nota da asignatura de Ed .Artística farase a media das dúas materias (Ed. Plástica e Música).			

Criterios de cualificación.

Seguirase o establecido no artigo 12 da Orde do 9 de setembro de 2014, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A citada Orde determina que os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos:

Cualificación negativas:

-Insuficiente (IN) coa cualificación numérica:1,2,3 ou 4, sen decimais.

Cualificacións positivas:

- Suficiente (SU),cualificación numérica: 5 sen decimais.
- Ben (BE), cualificación numérica : 6 sen decimais.
- Notable (NT), cualificación numérica: 7 ou 8 sen decimais.
- Sobresaliente (SB), cualificación : 9 ou 10 sen decimais.

5. Procedementos para avaliar a propia programación

Co fin de avaliar a propia programación e establecer estratexias de mellora da programación didáctica cubrirase a seguinte estatística de avaliación:

Aspectos a avaliar	A destacar	A mellorar	Propostas de mellora
Temporalización das unidades didácticas			
Desenrolo dos obxectivos			
Adquisición estándares de aprendizaxe			
Recursos			
Realización das tarefas			
Ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

6. Estándares mínimos de aprendizaxe

BLOQUE 1. ESCOITA

- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Recoñece as calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- Distingue tipos de voces e instrumentos e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela.
- Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.

- Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son.

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Realiza ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e cos silencios de negra e branca.
- Realiza ditados melódico-rítmicos sinxelos.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

Realiza acompañamentos sinxelos de cancións.

BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Inventa e reproduce pequenas coreografías.
- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas.

7. Medidas de recuperación para o alumnado con áreas pendentes

O alumnado que presente na área de música cualificación negativa en cursos anteriores recibirá o apoio educativo dentro do grupo.

As medidas a tomar poderán ser de distinto tipo:

- Adaptacións metodolóxicas :
 - De agrupamentos, de espazo, tempos ou grado de complexidade das actividades.
 - Introducción de actividades alternativas e/ou complementarias.
 - Selección de materiais específicos adaptando os obxectivos, contidos e avaliación.
 - Utilización de programas didácticos específicos de informática.
- Curriculares
 - Adaptacións curriculares se fose necesario

8. Medidas de atención á diversidade

Tras a avaliación inicial farase unha valoración do grupo. Se si detectaran alumnos con necesidades específicas tomaranse de inmediato as medidas necesarias para que o seu desenvolvemento sexa óptimo e poidan acadar con éxito os obxectivos propostos. Poderanse tomar medidas ordinarias e aplicarlas a todo o grupo, tales como diferentes agrupamentos, priorizar obxectivos e seleccionar contidos, utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado, etc., ou extraordinarias cando soamente afecten a un alumno en particular.

Dependendo das características do alumnado tomaranse as seguintes medidas:

- Reforzo educativo puntual e esporádico a aqueles alumnos que o precisen
- Apoio ao alumnado que promocionou con aprendizaxes non acadados.
- Adaptacións curriculares significativas cando sexan necesarias
- Atención específica a aqueles alumnos de incorporación tardía ao sistema educativo.
- Atención axeitada a aqueles alumnos que presenten altas capacidades.
- Adaptación dos materiais para o alumnado con déficit de atención
- Adaptación de materiais e actividades para o alumnado que presente algún tipo de discapacidade: auditiva, visual, motriz, etc.

9. Programación de educación en valores

A música é un vehículo moi apropiado para traballar os valores, é un instrumento educativo para a expresión de emocións e sentimentos. Na aula o alumnado participa en producións de forma cooperativa, establecen relacións sociais, e realizan traballo en equipo.

Ao longo do curso fomentaranse os seguintes valores: orden, responsabilidade, respecto, a paz, a igualdade, a inter culturalidade, a autoestima e o esforzo.

10. Accións de contribución ao proxecto lector

Dende a aula de música e cando estea deseñado para o vindeiro curso o plan lector participarase en actividades tales como aprendizaxe de :

- Adiviñas
- Trabalinguas
- Cancións con retahilas.
- Dramatizacións.
- Lecturas relacionadas coa área

11. Accións de contribución ao plan TIC

Dado que hoxe en día as TICs están presentes en todos os acontecementos do noso entorno, a aula de música utilizaráas como unha técnica instrumental máis, co fin de consolidar as aprendizaxes básicas, que implican a adquisición da competencia clave: aprender a aprender.

A aula de música dispón dunha pantalla interactiva e o uso das TICs facilita o traballo e a aprendizaxe. A maioría das actividades que se realizan nas clases, o alumnado, pode atopalas en páxinas da rede, o que fai que se o desexan poden reforzar o aprendido ou mesmo ampliálo ou buscar información.

Tratarase de potenciar o uso das TICs como unha ferramenta de traballo no proceso de ensinanza aprendizaxe, utilizándoas de forma activa por parte do alumnado.

12. Accións de contribución ao proxecto lingüístico

O Proxecto Lingüístico do Centro ten como obxectivo mellorar a competencia en comunicación lingüística e debe levarse a cabo de forma interdisciplinaria transversal, e dicir, ten que desenrolarse en todas as áreas do currículo e en todos os niveis educativos.

Incluiranse pois dentro das programacións as actuacións previstas en materia lingüística, así como as pautas metodolóxicas para lograr a competencia comunicativa do alumnado. Teranse en conta a diversidade lingüística e cultural, deseñaranse tarefas de expresión e comprensión oral e escritas e propoñeranse lecturas relacionadas coa área.

13. Accións de contribución ao plan de convivencia

O obxectivo último do plan de convivencia é crear un ambiente de convivencia axeitado que faga do Centro un espazo de PARTICIPACIÓN, e de relación RESPETUOSA con todos e entre todos. Por tal motivo están recollidos nel os obxectivos e procedementos así como as normas de convivencia que debemos cumprir. Na área de música promoverase o coñecemento dos mesmos co fin de fomentar a solidariedade, honestidade e respecto procurando evitar a rivalidade indiscriminada. Estimularase desde os primeiros niveis o coñecemento das capacidades individuais, a autocrítica e fundamentalmente o respecto a entorno. Tratarase pois de cumprir todas as medidas recollidas en dito plan e participar nas propostas elaboradas polo equipo correspondente.

14. Actividades complementarias e extra escolares

Como en cursos anteriores dende a aula participarase nas actividades extra escolares que organice o equipo encargado da organización das mesmas, realízanse actividades como aprendizaxe de cancións, danzas, busca de información, etc.

En principio en canto as actividades complementarias asistirase a todas actividades musicais propostas polo Concello de Oleiros.